

especial en perigo de extinción, e se convocan no ano 2009.

1. No seu artigo 17 precísanse as aplicacións orzamentarias e o importe económico previsto para o financiamento das ditas axudas, e así mesmo que os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia cos que se financiarán estas axudas poderanse incrementar con fondos comunitarios, estatais ou autonómicos achegados para o efecto.

Co obxecto de poder amparar todas as solicitudes nas distintas liñas de axuda establecidas, e posto que a dotación inicial resulta insuficiente, aprobáronse os correspondentes expedientes de xeración e ampliación de crédito, polo que cómpre, mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas axudas.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 14 e 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

DISPOÑO:

Artigo único

1. Amplíase a dotación orzamentaria que se establece na Orde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 38, do martes 24 de febreiro), pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas para o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción, e se convocan no ano 2009.

2. O incremento da dotación será de 41.536 euros con cargo á aplicación 49.02.713-C.771.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

3. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita orde estará limitada ás disponibilidades orzamentarias.

Disposición adicional

Única.-A ampliación de crédito prevista no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na devandita Orde do 18 de febreiro de 2009.

Disposición derradeira

Esta orden entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

SERVICIO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

Resolución do 17 de novembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións para o apoio á execución de programas sobre igualdade no ámbito universitario e dos organismos públicos de investigación, e se procede á súa convocatoria.

Ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter administrativo, creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, e adscrito á Presidencia da Xunta de Galicia en virtude do establecido na disposición adicional do Decreto 82/2009, do 21 de abril, correspóndelle, entre outras funcións, a de elaborar plans de actuación, programas e plans para fomentar o emprego e facilitar a formación profesional das mulleres (artigo 3.8º).

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece o compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade no ámbito laboral e formativo. En concreto, o seu artigo 11 -As cuestións de xénero no eido da educación superior-, establece que a Xunta de Galicia fomentará, sen vulnerar o réxime de autonomía universitaria, a docencia, o estudo e a investigación das cuestións de xénero no ámbito da educación superior, e para estes efectos:

a) Promoverase a creación de cátedras sobre cuestións de xénero nas facultades, escolas técnicas superiores e escolas universitarias.

b) Potenciarase a realización de proxectos de estudo e investigación sobre cuestións de xénero e/ou de proxectos de estudo e investigación en que se integre unha perspectiva de xénero.

Mediante esta resolución convócanse axudas dirixidas aos centros de investigación e grupos de investigación do sistema universitario galego (en adiante SUG) e entes de dereito público e fundacións públicas da Comunidade Autónoma galega que se dediquen á investigación sobre cuestións de xénero e/ou a proxectos de estudo e investigación en que se integre unha perspectiva de xénero. Estas axudas, que recoñecen e premian o esforzo na obtención de resultados de calidade, concédense sobre a base do compromiso de desenvolver un programa que teña en conta, e como obxectivo principal, temas relacionados coa igualdade de oportunidades e as problemáticas actuais das mulleres, prevendo a súa renovación en función do cumprimento dos obxectivos fixados.

Estas axudas enmárcanse dentro da liña de acción incluída na medida 72 do eixe 3 do Programa operativo do Fondo Social Europeo 2007/2013, a través

da cal se pretenden promover reformas que fomenten a empregabilidade nos procesos de educación e formación universitaria e a investigación a través da implementación de políticas de igualdade nestes eidos. Para isto, preténdese crear redes de colaboración, para os efectos de implicar na aplicación destas políticas o maior número posible de departamentos, áreas universitarias e organismos de investigación. Así conseguiremos fomentar a empregabilidade cuantitativa e cualitativamente a través da aplicación na investigación e na ensinanza superior da igualdade de oportunidades por medio de centros específicos de igualdade, actuacións concretas e estudos sobre o eido de referencia.

As axudas que se concedan, dado que as actividades de I+D non se realizan por conta ou en colaboración con empresas, non teñen a consideración de axudas do Estado para os efectos do número 1 do artigo 87 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e do encadramento comunitario sobre axudas de Estado de investigación e desenvolvemento (96/C45/06).

Na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2009, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, establécense os requisitos xerais para as subvencións concedidas pola Administración autonómica, normativa a que, en consecuencia, se adaptará esta resolución, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Por todo o exposto, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Finalidade e réxime de axudas.*

1. Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión das subvencións do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, para o apoio á execución de programas sobre igualdade no ámbito universitario e dos organismos públicos de investigación delimitados na convocatoria.

As axudas teñen por obxecto a implementación de actuacións específicas de igualdade de oportunidades no SUG, promovendo a creación e o mantemento de centros, oficinas, cátedras e unidades de xénero ou a realización de cursos e actividades específicas neste eido e nos entes de dereito público e fundacións públicas da Comunidade Autónoma galega que se dediquen á investigación, sempre que eses programas ou actuacións se leven a cabo

coa colaboración de diferentes departamentos ou áreas universitarias ou organismos de investigación.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse estas subvencións para o ano 2009 e ata o 30 de setembro do ano 2010 en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, cos tipos que a seguir se indican:

a) Axudas dirixidas ás universidades públicas:

-Para a creación e o mantemento de unidades, oficinas, cátedras e centros de xénero.

-Para a realización de cursos de posgrao, conferencias, xornadas e actividades sobre cuestións de xénero e/ou que integren unha perspectiva de xénero.

-Para a realización e difusión de estudos e investigacións sobre cuestións de xénero e/ou que integren unha perspectiva de xénero.

b) Axudas a organismos públicos de investigación, constituídos por entes de dereito público ou fundacións públicas da comunidade autónoma:

-Para a realización de cursos, conferencias, xornadas e actividades sobre cuestións de xénero e/ou que integren unha perspectiva de xénero.

-Para a realización e difusión de estudos e investigacións sobre cuestións de xénero e/ou que integren unha perspectiva de xénero.

Artigo 2º.-*Financiamento e concorrencia.*

1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro, nas cales existe crédito adecuado e suficiente no orzamento da comunidade autónoma para os anos 2009 e 2010. Non obstante, se no transcurso dos exercicios 2009 e 2010 se producen variacións orzamentarias que permitan unha maior dispoñibilidade orzamentaria, segundo o previsto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 30 do regulamento da dita lei, tras a publicación no DOG desta circunstancia e sen que iso supoña a modificación do prazo de presentación de solicitudes, poderanse conceder máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios establecidos nos artigos correspondentes destas bases.

Estas aplicacións están cofinanciadas ao 80% con fondos FSE (eixe 3, tema prioritario 72, do Programa operativo de Galicia 2007/2013).

Aplicacións orzamentarias	2009	2010
05.80.313B.444.0	300.000	300.000
05.80.313B.440.0	50.000	100.000
05.80.313B.443.0	50.000	100.000
Total	400.000	500.000

Artigo 3º.-*Normativa aplicable.*

A tramitación de solicitudes e concesión destas axudas axustarase ao disposto no Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2009; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, nesta resolución e demais normativa de aplicación.

En canto á información e publicidade das accións que se realicen ao abeiro desta resolución rexerá o disposto no Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e no Regulamento (CE) 1081/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Social Europeo e demais normativa de aplicación (engadidas as sucesivas modificacións destes regulamentos).

Artigo 4º.-*Entidades beneficiarias.*

Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as universidades públicas de Galicia e os organismos públicos de investigación, constituídos por entes de dereito público ou fundacións públicas da comunidade autónoma.

Artigo 5º.-*Requisitos da entidades interesadas e presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se publica como anexo, subscritas polo órgano competente da entidade solicitante, xunto coa seguinte documentación:

- a) Certificación que acredite poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- b) Copia do NIF da entidade solicitante.
- c) Certificación do secretario/a ou órgano competente da entidade sobre o acordo de solicitar a subvención segundo a documentación achegada coa solicitude.
- d) Declaración orixinal asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de todas as axudas, solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas

ou organismos delas dependentes, entes ou sociedades ou, se é o caso, declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

e) Declaración orixinal asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade na cal se exprese a non concorrencia dalgunha das circunstancias a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Declaración orixinal asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade en que se exprese o acordo coas actuacións de control e supervisión do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Inmigración e do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

g) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta en que conste: código de banco, código de sucursal, dígito de control e código de conta corrente, de ser o caso.

h) Memoria explicativa do funcionamento ou execución do programa para o cal se solicita a axuda, onde figuren os obxectivos, departamentos, áreas ou organismos implicados, medios materiais e humanos destinados para tal fin e réxime de funcionamento, se é o caso.

i) Orzamento total e desagregado do programa que se vai executar (especificando o importe dos gastos previstos por anualidades) que reflecta cada tipo de gasto: gastos correntes de mantemento (luz, teléfono, material de oficina e similares; gastos de persoal (nóminas, contratos de servizos profesionais, axudas de custo, etc); gastos de organización de actuacións; outros gastos (gastos reais do programa, excluídos os investimentos, que resulten indispensables para o desenvolvemento do programa e susceptibles de seren cualificados como gastos elixibles conforme a normativa reguladora desta subvención).

j) Relación dos departamentos, áreas ou organismos implicados na execución do programa ou actuación.

k) Outra documentación de interese para a valoración da solicitude.

2. Os formularios de solicitude das subvencións deberanse obter necesariamente no web do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (<http://www.xunta.es/auto/sgi/index.htm>).

Artigo 6º.-*Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse preferentemente no Rexistro do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, sito na praza de Europa, 15-A 1º (Área Central) de Santiago de Compostela, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Admi-

nistración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 7º.-*Información ás entidades interesadas.*

1. Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional no Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web do organismo (<http://www.xunta.es/auto/sgi/index.htm>) na súa epígrafe de subvencións.
- b) O correo: cooperacion.sgi@xunta.es.
- c) O teléfono 981 54 53 66 do devandito organismo.
- d) Presencialmente.

Artigo 8º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, se a persoa solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa figura no poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Para estes efectos, a documentación débese manter vixente e identificarse no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o cal foi presentada.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, este organismo

publicará na súa páxina web oficial a relación das beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das beneficiarias e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. O Servizo Galego de Igualdade velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e do tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, non obstante, o Servizo Galego de Igualdade revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito achegando identificación suficiente ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto que poderá atopar na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta.

Artigo 9º.-*Emenda da solicitude.*

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente requirirán a entidade solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese, se terá por desistida a petición, logo da resolución, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda poderanse facer mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de anuncios da páxina web do SGI ao cal se remitirá desde o texto publicado no *Diario Oficial de Galicia*. Se a instrución do procedemento o aconsellase, o órgano competente poderá substituír esta publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na web pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Artigo 10º.-*Comisión de Valoración.*

1. A directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller designará unha comisión de valoración, que estará composta, polo menos, por tres membros, a presidenta, que será a secretaria do organismo, e dous vogais, actuando un deles como secretario. Se, por calquera causa, no momento en que a Comisión de Valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe a directora.

2. A comisión poderá estar asistida por persoas expertas externas e así mesmo poderá dispoñer a constitución de subcomisións para os efectos de colaborar na revisión e valoración dos documentos achegados coa solicitude.

Artigo 11º.-*Programas, gastos subvencionables e contías.*

1. As axudas destinadas ás universidades públicas, por un importe total de 600.000 euros (300.000 euros para o ano 2009 e 300.000 euros para o período do ano 2010), obxecto de subvención, serán de tres tipos:

- a) Para a creación e mantemento de unidades, oficinas, centros ou cátedras de xénero.
- b) Para a realización de cursos de posgrao, conferencias, xornadas e actividades sobre cuestións de xénero e/ou que integren unha perspectiva de xénero.
- c) Para a realización e difusión de estudos e investigacións sobre cuestións de xénero e/ou que integren unha perspectiva de xénero.

2. As axudas destinadas a organismos públicos de investigación, constituídos por entes de dereito público ou fundacións públicas da comunidade autónoma, por un importe total de 300.000 euros (100.000 euros para o ano 2009 e 200.000 euros para o período subvencionable do ano 2010), serán de dous tipos:

- a) Para a realización de cursos, conferencias, xornadas e actividades sobre cuestións de xénero e/ou que integren unha perspectiva de xénero.
- b) Para a realización e difusión de estudos e investigacións sobre cuestións de xénero e/ou que integren unha perspectiva de xénero.

3. Os proxectos de investigación e os cursos, conferencias, xornadas e actividades subvencionadas deberán enmarcarse dentro das seguintes áreas e temas prioritarios:

- Políticas públicas.

- Igualdade entre homes e mulleres na vida económica.

- Participación na toma de decisións.

- Promoción da calidade de vida das mulleres.

- Fomento da igualdade civil.

- Transmisión de valores e actitudes igualitarias.

- Conciliación da vida social, persoal e laboral das mulleres.

- Cooperación.

- Violencia de xénero e prostitución.

- Colectivos de mulleres en risco de exclusión social.

- A igualdade na aplicación da lei.

- Situación (pasado, presente e futuro) das mulleres en Galicia.

4. Os gastos subvencionables serán unicamente os gastos correntes correspondentes á posta en marcha e execución destas actuacións. Así, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e sexan efectivamente realizados no ano 2009 e ata o 30 de setembro do ano 2010. Entre outros: gastos de persoal (agás os correspondentes ao persoal fixo vinculado estatutaria ou contractualmente á entidade beneficiaria ou entidades integrantes da rede), material funxible, viaxes, axudas de custo, utilización de servizos xerais de apoio á investigación,... En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o/a beneficiario/a deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores/as, con carácter previo á contratación, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades subministradoras ou prestadoras, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

En ningún caso se permitirá a subcontratación, entendida esta en termos nos que aparece definida no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe da subvención non poderá superar o custo elixible determinado a partir do orzamento presentado pola entidade, tendo en conta que non se considera subvencionable ningún tipo de taxa, tributo ou imposto, agás o imposto sobre o valor engadido non susceptible de repercusión ou compensación. En calquera caso, o importe da subvención concedida a cada programa ou actividade non será inferior a 3.000 euros nin superior a 150.000 euros.

5. Os gastos que se van subvencionar respectarán o disposto na Orde TIN 2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE durante o período 2007/2013. E así lle será informado á beneficiaria na resolución de concesión.

Artigo 12º.-*Criterios de valoración.*

1. A Comisión de Valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os proxectos debidamente xustificadas conforme o seguinte baremo:

a) Criterios aplicables aos proxectos presentados á actuación 1. a) do artigo 11º desta resolución:

a.1: que o programa de actuación do proxecto implique ou se dirixa a varios departamentos ou áreas: ata 3 puntos, a razón de 0,5 puntos por departamento ou área implicada (sen contar a solicitante).

a.2: adecuación do tamaño, composición e dedicación do equipo do proxecto aos seus obxectivos. Avaliarase a intensidade da dedicación ao proxecto por cada un dos membros do equipo: ata 2 puntos, a razón de 0,5 puntos por membro.

a.3: adecuación do orzamento ás actividades propostas e xustificación deste acordo coas necesidades do proxecto: ata 2 puntos, a razón de 0,50 puntos por actividade.

a.4: achegas propias entregadas á execución do proxecto: ata 2 puntos, a razón de 0,50 puntos por cada porcentaxe de achega propia, correspondente ao 10% do orzamento total do programa.

a.5: utilización da lingua galega nas actuacións que se van executar polos proxectos que se subvencionarán: ata 1 punto (sinalarase na memoria a porcentaxe de utilización nas súas actuacións).

b) Criterios aplicables aos proxectos presentados á actuación 1.b) e 2.a) do artigo 11º desta resolución:

b.1: número de departamentos, áreas ou organismos implicados no proxecto: ata 2 puntos, a razón de 0,5 puntos por departamento ou organismo (sen contar o solicitante).

b.2: adecuación do proxecto ás áreas e temas prioritarios, sinalados no punto 3 do artigo 11º desta convocatoria. Se esta adecuación non existe, o proxecto non se avaliará e quedará excluído da convocatoria: ata 2 puntos, a razón de 0,50 puntos segundo a adecuación a cada área.

b.3: adecuación do orzamento ás actividades propostas e xustificación deste acordo coas necesidades do proxecto: ata 2 puntos, a razón de 0,50 puntos por actividade.

b.4: achegas propias entregadas á execución do proxecto: ata 2 puntos, a razón de 0,50 puntos por cada porcentaxe de achega propia, correspondente ao 10% do programa.

b.5: número de créditos que obteñen as persoas asistentes ás actividades propostas: ata 1 punto a razón de 0,25 por crédito.

b.6: utilización da lingua galega nas actuacións que se subvencionarán: ata 1 punto (sinalarase na memoria a porcentaxe de utilización nas súas actuacións).

c) Criterios aplicables aos proxectos presentados á actuación 1 c) e 2 b) do artigo 11º desta resolución:

c.1: actividade investigadora previa que os equipos de investigación desenvolverán nas áreas sinaladas no punto 3 do artigo 11º desta convocatoria: ata 2 puntos, a razón de 0,50 por proxecto investigador desenvolvido.

c.2: adecuación do proxecto ás áreas e temas prioritarios, sinalados no punto 3 do artigo 11º desta convocatoria. Se esta adecuación non existe, o proxecto non se avaliará e quedará excluído da convocatoria: ata 2 puntos, a razón de 0,50 puntos segundo a adecuación a cada área.

c.3: adecuación do tamaño, composición e dedicación do equipo do proxecto aos seus obxectivos. Avaliarase a intensidade da dedicación ao proxecto por cada un dos membros do equipo (só se avaliará un membro de cada departamento, área, oficina ou organismo implicado): ata 2 puntos, a razón de 0,5 puntos por membro.

c.4: calidade técnica do proxecto e viabilidade, en relación cos obxectivos propostos: ata 1 punto, en función da súa calidade e viabilidade.

c.5: aplicabilidade do proxecto de investigación: ata 1 punto en función da súa aplicabilidade práctica.

c.6: achegas propias entregadas á execución do proxecto: ata 1 punto, a razón de 0,20 puntos por cada porcentaxe de achega propia, correspondente ao 10% do programa.

c.7: utilización da lingua galega nas actuacións que se subvencionarán: ata 1 punto (sinalarase na memoria a porcentaxe de utilización nas súas actuacións).

2. Unha vez avaliados os expedientes e determinados os gastos susceptibles de subvención en cada programa, a comisión poderá establecer topes específicos de axuda de xeito proporcional á valoración obtida, fixará o limiar mínimo en canto á puntuación e contía para acadar subvención, tendo en conta o crédito orzamentario, e elaborará a proposta de adxudicación.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado as entidades solicitantes propostas para obter a subvención, especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos nesta resolución, o importe correspondente a cada ano e o importe que, de ser o caso, ten que chegar a entidade beneficiaria de xeito

to proporcional á puntuación obtida para determinar a contía da subvención, ata esgotar o crédito dispoñible anual.

4. O importe da subvención non poderá superar o importe do custo elexible, determinado pola Comisión de Avaliación a partir do orzamento presentado pola entidade e os importes sinalados no artigo 11º *in fine*.

5. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre, de producirse algunha renuncia ou por modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ou ben co incremento do crédito orzamentario destinado a esta subvención. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución.

Artigo 13º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o proceso de valoración, a comisión formulará a proposta de resolución, que se elevará á directora do Servizo Galego de Igualdade.

2. A directora, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a solicitante ou a relación de solicitantes a que se lles concede a subvención, a actuación que se subvenciona, así como a subvención concedida, desagregada por anualidades e, se é o caso, a desestimación do resto das solicitudes e causa de denegación.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, que en todo caso deberá producirse antes de rematar o exercicio orzamentario, as interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Servizo Galego de Igualdade. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, a beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderán remitirse as beneficiarias a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación. Non obstante, poderase substituír esta notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que as non beneficiarias consulten a infor-

mación detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 14º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente resolución de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a directora do Servizo Galego de Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 15º.-*Aceptación e renuncia.*

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos 10 días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que a interesada comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiaria.

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 16º.-*Incompatibilidade e concorrencia.*

1. A percepción desta axuda é compatible con calquera outra, pero, en ningún caso, o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do programa obxecto de axuda.

2. As entidades solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para un mesmo programa, segundo o establecido no número 1 do artigo 5º. Na fase de xustificación do pagamento deberán achegar unha declaración complementaria e actualizada co mesmo contido que a exigida coa solicitude.

Artigo 17º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

1. Ademais das obrigas establecidas con carácter xeral na normativa aplicable pola percepción de axudas públicas e tendo en conta o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas das entidades beneficiarias de subvencións reguladas nesta resolución as seguintes:

a) Non alterar o destino da subvención e destinar os fondos percibidos para o que foron concedidos.

b) Efectuar a xustificación do gasto conforme o establecido nesta resolución.

c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas entidades participantes e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

e) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Inmigración e do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para realizar as comprobacións e verificacións que se consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Na resolución de concesión deberá informarse a beneficiaria do tempo que terá que ter a documentación a dispor, unha vez rematado o Programa operativo 2007/2013.

f) Cumprir co resto de requisitos e obrigas recollidas nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) A conta de gastos financiados con esta axuda deberá ser separada.

2. O incumprimento das obrigas establecidas nesta resolución e na normativa aplicable será causa determinante de revogación da subvención, así como do reintegro, se é o caso, dos importes percibidos e dos xuros de demora correspondentes.

Artigo 18º.-Publicidade das accións.

No lugar onde funcione o centro, oficina, unidade ou cátedra subvencionada, ou onde se realice o programa subvencionado por esta resolución, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo que

indique o cofinanciamento da actuación con fondos europeos FSE, así como pola Xunta de Galicia a través do Servizo Galego de Igualdade, de acordo co disposto na regulamentación comunitaria nesta materia. Para isto empregarán a lenda «proxecto cofinanciado», acompañado do escudo normalizado da Xunta de Galicia coa lenda «Presidencia - Secretaría Xeral da Igualdade», o logotipo do Servizo Galego de Igualdade e o emblema normalizado da Unión Europea coa lenda «Unión Europea. Fondo Social Europeo». Precedendo os emblemas empregárase a lenda «O FSE inviste no teu futuro». O modelo de cartel coas características técnicas estará na páxina web do organismo na epígrafe de subvencións.

Esta mesma publicidade constará en toda a documentación, publicacións, actuacións de difusión ou convocatoria relativas ou resultantes dos programas subvencionados nesta convocatoria (incluída a web da entidade beneficiaria).

Artigo 19º.-Xustificación e pagamento.

1. A data límite de presentación da xustificación dos gastos efectuados no ano 2009 é o 15 de decembro de 2009. A data límite de presentación da xustificación final do programa e gastos do ano 2010 será o 30 de outubro do ano 2010.

2. As dúas xustificacións de gastos acompañaranse da seguinte documentación:

a) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas por cada departamento, área ou entidade participante na rede e dos resultados acadados.

b) Declaración responsable xustificativa do custo das actuacións realizadas en que conste a relación clasificada dos gastos da actuación (subvencionados ou non), con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. Así mesmo, indicaranse as desviacións producidas, de ser o caso, respecto ao orzamento presentado, segundo o artigo 5º.1 g).

c) Orixinais e copia das facturas ou documentos equivalentes dos gastos (relacionadas na alínea anterior) para os cales se concedeu a axuda polos conceptos subvencionables. Estes documentos estarán emitidos conforme a normativa aplicable e irán acompañados dos correspondentes xustificantes bancarios de pagamento e, de ser o caso, dos xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes. As entidades presentarán os orixinais para seren selados pola unidade tramitadora correspondente, unha vez realizada esta dilixencia e sempre que o soliciten expresamente, seranlles devoltos coa maior brevidade.

d) Os tres orzamentos a que fai referencia o artigo 11º.4 desta convocatoria, se é o caso.

e) Certificación orixinal do órgano competente da entidade, que acredite que os gastos realizados foron aplicados para o fin para o cal se concedeu a subvención.

f) Declaración orixinal asinada pola/o representante legal da entidade das axudas (entidade, concepto, importe,...) da mesma natureza concedida por calquera outra entidade pública ou privada.

3. No caso de que a xustificación fose incorrecta, e/ou incompleta requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentados solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, procederase, logo da resolución, á revogación da subvención.

4. Recibida a documentación xustificativa, os órganos competentes do Servizo Galego de Igualdade, antes de proceder ao pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación que consideren oportunas para verificar o cumprimento das accións subvencionadas.

5. Procederá a minoración da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

Artigo 20º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, de ser o caso, á súa revogación de acordo co artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A resolución de modificación será ditada pola directora do Servizo Galego de Igualdade, logo da instrución do correspondente expediente.

2. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras e demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga da devolución das subvencións percibidas, así como dos xuros de demora correspondentes.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. Cando o cumprimento pola beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos compromisos adquiridos, a cantidade que se reintegrará responderá ao principio de proporcionalidade e determinarase aplicando os mesmos criterios de avaliación que se empregaron

para a concesión referidos á realidade finalmente comprobada.

5. Ás beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposicións adicionais

Primeira.-Nos casos en que se resolva conceder subvencións sobre solicitudes da lista de reserva, de conformidade co previsto no número 5 do artigo 10º desta resolución, o prazo de presentación das correspondentes xustificacións poderá ser prorrogado na resolución de concesión sempre que non exceda do exercicio orzamentario vixente.

Segunda.-De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, este organismo publicará na súa páxina web oficial as concesións de subvencións segundo se indica nesta resolución e incluírá as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia destas nos correspondentes rexistros públicos, polo que coa presentación da solicitude se presta expresamente o consentimento para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas físicas e xurídicas beneficiarias e a referida publicidade.

Terceira.-Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración estatal e autonómica, o Fondo Social Europeo, a Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Inmigración e o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderán realizar as comprobacións e verificacións que consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Cuarta.-O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta resolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A Dirección do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ditará as instrucións que sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2009.

P.S. (Resolución 4-5-2009)
Marta González Vázquez
Secretaria xeral da Igualdade



ANEXO

SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER
Praza de Europa, 10A - 1º. Pórtico Fontiñas
15701 - Santiago de Compostela
Tel. 981 545 300 Fax. 981 545 305
sgp@xg.rii.gal



"O FSE inviste no teu futuro"

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO AXUDAS ÁS UNIVERSIDADES E ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS SOBRE IGUALDADE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI427C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA/O SOLICITANTE

DONA/DON		DNI	
[]		[]	
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
[]			[]
PROVINCIA	LOCALIDADE	TELÉFONOS	
[]	[]	[]	

En representación legal de:

ENTIDADE			CIF
[]			[]
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
[]		[]	[]
LOCALIDADE	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	FAX
[]	[]	[]	[]

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

<input type="checkbox"/> Unidade, oficina, cátedra ou centro Igualdade <input type="checkbox"/> Cursos, conferencias, xornadas e actividades <input type="checkbox"/> Realización, difusión de estudos e investigacións	ORZAMENTO DE GASTOS []
---	----------------------------

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:

<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN QUE ACREDITE PODER SUFICIENTE PARA ACTUAR EN NOME DA ENTIDADE <input type="checkbox"/> COPIA DO NIF DA ENTIDADE SOLICITANTE <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN SOBRE ACORDO DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E DE COFINANCIAMENTO, SE É O CASO <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AXUDAS <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE NON CONCORRENCIA DAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007 <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE CONFORMIDADE COAS ACTUACIÓNS DE CONTROL E SUPERVISIÓN <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN BANCARIA <input type="checkbox"/> MEMORIA DO PROXECTO QUE SE VAI SUBVENCIONAR <input type="checkbox"/> ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS DO PROXECTO <input type="checkbox"/> RELACIÓN DOS DEPARTAMENTOS, ÁREAS OU ORGANISMOS IMPLICADOS NA EXECUCIÓN DO PROXECTO. <input type="checkbox"/> OUTRA []
--

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este organismo como responsable do ficheiro (o enderezo figura nesta resolución).
Coa presentación desta solicitude presto o meu consentimento para engadir e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións que, de ser o caso, procedan.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 17 de novembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións para o apoio á execución de programas sobre igualdade no ámbito universitario e dos organismos públicos de investigación e se procede á súa convocatoria.</i>
SINATURA DA/O REPRESENTANTE _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
RECIBIDO	[]	DATA DE ENTRADA ____/____/____
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____